



**ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN ECONÓMICA  
DO CONSELLO SOCIAL DO 28.02.2019**

**LUGAR:** Sala II do Edificio Miralles - Campus de Vigo

**DATA:** 28.02.2019

**HORA DE COMEZO:** 12:00 h.

**HORA DE REMATE:** 13:00 h.

**LISTA DE ASISTENTES**

D. Daniel Barata Quintas  
D<sup>a</sup> Raquel María Souto García  
D. José María Martín Moreno  
D. Jorge Cebreiros Arce  
D. Jesús Graña Nogueiras  
D. Manuel González Piñeiro

**ESCUSAN ASISTENCIA**

D. Antonio Macho Senra

Secretario: D. Ignacio Rodríguez Iglesias



O xoves, día 28 de febreiro de 2019, ás 12:00 h., celebrouse reunión ordinaria da Comisión Económica do Consello Social da Universidade de Vigo co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

### **ORDE DO DÍA**

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (11.12.2018).
2. Informe do presidente.
3. Liquidación do orzamento de ingresos e gastos da UVigo. Informe de execución orzamentaria anual, consonte o Real Decreto-Lei 14/2002, do 20 de abril. Elevación de informe ao Pleno.
4. Control e seguimento da Normativa de cesión de espazos universitarios. Informe que proceda sobre as dispensas de pago acordadas dende a Xerencia. (Acordo do 29 de xuño de 2017).
5. Control e seguimento do Regulamento de xestión do patrimonio da UVigo. Informe que proceda sobre as doazóns menores e correntes. (Acordo do 29 de xuño de 2017).
6. Aprobación definitiva, se procede, da creación da EBT EM3W, e da participación da UVigo, consonte acordo do Consello de Goberno do 22 de xaneiro de 2019.
7. Informe sobre os convenios asinados pola UVigo en decembro de 2018 e xaneiro de 2019. Convenios con dotación económica.
8. Rogos e preguntas.

---

*O presidente agradece a asistencia dos presentes, en especial de don Rodrigo Cerviño, Director de Administración da UVigo, que asiste como invitado a fin de informar á Comisión.*

#### **PUNTO 1**

*Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (11.12.2018).*

- ***Apróbase por asentimento.***

#### **PUNTO 2**

*Informe do Presidente.*

Don Daniel Barata –ao fío dos asuntos que compoñen a orde do día- introduce unha reflexión sobre a importancia, a composición e os cometidos do Consello de Contas (do que formou parte durante sete anos), subliñando como característica fundamental do seu funcionamento o feito de ter unha competencia exclusivamente contable, sen poder despregarse no ámbito xurisdiccional, para o que –de darse as casuísticas oportunas que o fixesen preciso- debería apelar a outras instancias. A súa exposición conclúe advertindo sobre a incidencia que ten no seu funcionamento a falla de atención aos prazos ou a impuntualidade no seu cumprimento, afirmando que é esta unha das causas que máis condiciona o seu correcto funcionamento. Neste senso fai unha chamada, extensible á Universidade e ao Consello Social, sobre a importancia de cumprir as obrigas normativas neste ámbito en tempo e forma.



Finalmente da conta da entrega aos membros do documento completo do informe de legalidade sobre o abono ao PDI de partes pendentes das pagas extras de anos anteriores, elaborado por Landwell/PWH a petición da Vicerreitoría de Economía, dando cumprimento a un acordo neste senso adoptado na anterior sesión da Comisión (11.12.2018), promovido por don Jesús Graña, quen –dando por válido e suficiente o informe recibido- pregunta se non sería máis acaído que o informe o emitise a Asesoría Xurídica da universidade, ao que tanto don José M<sup>a</sup> Martín Moreno como don Rodrigo Cerviño responden argumentando as razóns de que se lle solicitase á auditora externa e precisando que a Asesoría Xurídica estivo permanentemente informada e tivo unha participación activa na elaboración do documento que se entrega.

### **PUNTO 3**

*Liquidación do orzamento de ingresos e gastos da UVigo. Informe de execución orzamentaria anual, consonte o Real Decreto-Lei 14/2002, do 20 de abril. Elevación de informe ao Pleno.*

Introduce este punto o Vicerreitor de Economía subliñando que –a diferenza do exercicio anterior, no que non houbo- preséntase unha Carta de avance de auditoría para dar cumprimento ao disposto no Real Decreto-Lei 14/2012, en canto que “en caso de liquidación do orzamento con remanente de tesourería negativo, o Consello Social deberá proceder na primeira sesión que celebre á redución de gasto do novo orzamento por igual contía ao déficit producido”. Recolle o devandito informe de Baker Tilly Auditores, entre outras consideracións, que o remanente de tesourería que a universidade ven de formular resultando positivo, non terá efectos no orzamento do exercicio 2019. Don José M<sup>a</sup> Martín Moreno amósase satisfeito, en termos de estabilidade orzamentaria, co resultado da proposta de liquidación que se presenta, con un superávit superior aos seis millóns de euros.

Don Rodrigo Cerviño debulla as principais cifras da abundante documentación presentada e destaca o saldo positivo ao igual que o remanente das contas de 2018.

- ***A Comisión informa favorablemente.***

### **PUNTO 4**

*Control e seguimento da Normativa de cesión de espazos universitarios. Informe que proceda sobre as dispensas de pago acordadas dende a Xerencia. (Acordo do 29 de xuño de 2017).*

En cumprimento do acordo adoptado pola Comisión Económica do 29 de xuño de 2017, na que se recollía a obrigatoriedade de dar conta ao Consello Social, informa don Rodrigo Cerviño das once dispensas de pago do canon autorizadas pola Xerencia da UVigo durante o ano 2018, oito delas no Campus de Ourense, e as tres restantes no Campus de Pontevedra. Na documentación aportada figura unha relación individualizada de cada caso.

- ***A Comisión dáse por informada.***

### **PUNTO 5**

*Control e seguimento do Regulamento de xestión do patrimonio da UVigo. Informe que proceda sobre as doazóns menores e correntes. (Acordo do 29 de xuño de 2017).*

De novo don Rodrigo Cerviño informa que dende o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2018 autorizouse a doazón de equipos por parte da empresa “Endesa Generación, S.A.U.”. Durante a súa exposición, o director de Administración da Uvigo resume os aspectos máis destacados da documentación que se achega, basicamente o convenio de doazón asinado e a acta de recepción dos equipos.

- ***A Comisión dáse por informada.***



### **PUNTO 6**

*Aprobación definitiva, se procede, da creación da EBT EM3W, e da participación da UVigo, consonte acordo do Consello de Goberno do 22 de xaneiro de 2019.*

O secretario explica o procedemento que se está a seguir, dentro do disposto na Lei Orgánica 4/2007, de reforma da LOU, e na Normativa de creación de empresas da UVigo (aprobada en Consello de Goberno do 19 de xuño de 2012). No capital social desta empresa, a UVigo tería unha participación do 4%. E como contra-prestación á licenza de explotación percibirá unha regalía anual do 6% das vendas netas asociadas a produtos e servizos prestados que incorporen o programa de ordenador e coñecementos obxecto do contrato. No caso de sub-licenzas disporá do 12,6% dunha regalía do 20% da facturación anual asociada á tecnoloxía ou produtos.

- ***A Comisión dá a aprobación definitiva e dá conta ao Pleno.***

### **PUNTO 7**

*Informe sobre os convenios asinados pola UVigo en decembro de 2018 e xaneiro de 2019. Convenios con dotación económica.*

Interésase don Jesús Graña pola situación na que se atopa a creación do Consorcio de bibliotecas universitarias de Galicia. Resposta a xerente que o Consorcio como tal está constituído pero aínda non botou a andar, polo que transitoriamente firmouse (o 15 de xaneiro de 2019) o convenio do que se dá conta neste punto. Engade dona Raquel Souto que as previsión son celebrar o próximo mes de abril a primeira reunión para poñelo en marcha.

- ***A Comisión dáse por informada.***

### **PUNTO 8**

*Rogos e preguntas*

Os presentes intercambian opinións e reflexións sobre as dificultades para cumprir cos prazos esixidos na competencia desenvolvida no punto 3, sobre todo no que incumbe á elaboración do informe auditor sobre a liquidación das contas da UVigo. Don Jorge Cebreiros resume a importancia de que dende o Consello Social se están a cumprir as obrigas ao respecto.

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 13:00 horas do 28 de febreiro de 2019, da que eu como secretario dou fe, co visto e prace do presidente.

Vº. e pr.,  
O presidente,

O secretario,

Daniel Barata Quintas

Ignacio Rodríguez Iglesias